



CIRCULAR 120-2023

CONVOCATORIA DE ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA FGA DE OUTUBRO DE 2023

Auditorio Salón de actos da Federación Galega de Fútbol (Estadio de San Lázaro, Santiago de Compostela). Sábado 28 de outubro de 2023.

Hora: 17:00 horas (1ª convocatoria) e ás 17:30 horas (2ª convocatoria).

De acordo co que determinan os artigos 18º e 22º dos Estatutos da Federación Galega de Atletismo que obrigan, entre outros, a convocala con 15 días naturais de antelación e remitir con 7 días mínimos previos a documentación relativa á Asemblea, por orde do presidente da Federación Galega de Atletismo, convócase á Asemblea Xeral en sesión ordinaria.

ORDE DO DIA

1. Saúdo e benvida do Presidente da FGA.
 - Listaxe de compoñentes.
 - Designación de dous delegados escrutadores.
2. Informe do Presidente da FGA.
3. Informe do Comité Galego de Xuíces da FGA.
4. Aprobación, se procede, da Acta da Asemblea Xeral anterior.
5. Estudo e aprobación, se procede, do Calendario de Competicións da tempada 2024.
6. Estudo e aprobación, se procede, das normas técnicas da tempada 2024.
7. Aprobación, se procede, das contas anuais do ano 2022.
8. Aprobación, se procede, da normativa de licenzas 2024.
9. Estudo e debate das propostas presentadas polos/as asembleístas e Órganos de Goberno da FGA.
10. Rogos e cuestións dos membros da Asemblea.

MOI IMPORTANTE:

Prégase confirmación de asistencia, no email secretaria@atletismo.gal, antes do 20 de outubro do 2023 ás 20:00 horas.


A Coruña, a 13 de outubro de 2023



**FEDERACIÓN GALEGA
DE ATLETISMO**

Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral

Complejo Deportivo Eivora
C/Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña - Tel 981 291 683
federacion@atletismo.gal
www.carreirasgalegas.com



Iván Pablo Sanmartín Carreira
Presidente



PROPOSTA PARA A ASEMBLEA XERAL 2023

PROPOÑENTE: Dº/Dª. _____

REPRESENTANTE DE (ESTAMENTO): _____

TEMA:

EXPOSICIÓN:

PROPOSTA:

DATA: _____

D.N.I.: _____

SINATURA:

- Aceptada
- Rexeitada

Rexeitada por: (Espazo a cubrir polo Secretario da FGA)

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS ATA O DÍA 20 DE OUTUBRO DE 2023 ÁS 20:00H
secretaria@atletismo.gal



NORMATIVA EN VIGOR SOBRE O DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA XERAL DA F.G.A.

I - FORMULACIÓN DE PROPOSTAS

Art. 1º.- Unha vez convocada a Asemblea, os asembleístas poderán remitir as propostas ata o **día 20 de outubro de 2023 ás 20:00 horas**. Tódalas propostas deben ser enviadas por email (secretaria@atletismo.gal) a través do modelo que se inclúe nesta circular. A FGA responderá ao proponente a través do email confirmando a recepción da mesma. Será responsabilidade do proponente asegurarse do envío da súa proposta.

Art. 2º.- Estas propostas seguirán un formato unificado no que se especificarán o nome do proponente, estamento representado, o texto da exposición e a proposta final. Por cada proposta distinta que se formule enviarase un impreso diferente.

Art. 3º.- Recibidas todas as propostas en forma e prazo indicados, a Xunta Directiva realizará un estudo das mesmas, para admitir todas aquelas que polo seu contido deban ser presentadas para a súa aprobación na Asemblea Xeral. A Xunta Directiva na súa reunión previa á asemblea poderá efectuar e elevar novas propostas.

Art. 4º.- As propostas non aceptadas serán devoltas aos proponentes cunha explicación escrita da causa da súa non aceptación.

II - DELIBERACIÓN DAS PROPOSTAS

Art. 5º.- As propostas aceptadas serán expostas na Asemblea Xeral polos proponentes durante non máis de 2 minutos, tralo cal o Presidente pedirá que se ergan os que desexen intervir, permitíndose ata un máximo de 2 quendas a favor e ata un máximo de 2 quendas en contra, cun prazo máximo de 2 minutos por cada intervención. Unha vez terminadas as intervencións, o Presidente cederá a palabra ao proponente para que formule a proposta, co que se pasará á votación da mesma.

Art. 6º.- Durante o debate, poderán formularse emendas "in óbice" para axuntar criterios contrapostos. O Presidente poderá conceder 2 quendas a favor e 2 en contra das mesmas, de 2 minutos cada un, para proceder a seguir á súa votación.

III - VOTACIÓNS

Art. 7º.- As votacións realizaranse na forma e pola orde que a Presidencia estableza, sendo ésta a que decida se han ser ordinarias, nominais ou secretas, se polo menos o 25% por cento dos asistentes solicita unha modalidade determinada, a forma de votación decidírase por maioría simple dos membros da Asemblea Xeral. Non caso de empate ou voto do Presidente será de calidade.

Art. 8º.- No caso de dúbida, a votación repetirase

Art. 9º.- O recuento de votos realizarano os 2 escrutadores escollidos pola Asemblea ao comezo da mesma.

Art. 10º.- As votacións non poderán interromperse baixo ningún concepto e mentres teña lugar a mesma, non poderá entrar nin saír da sala ningún dos membros da Asemblea.

Art. 11º.- Terminado o escrutinio o Secretario dará o resultado da votación



MEMBROS DA ASEMBLEA XERAL DA FGA

ESTAMENTO DE ATLETAS (CIRCUNSCRICIÓN PROVINCIAL):

A CORUÑA: 6	LUGO: 1	OURENSE: 2	PONTEVEDRA 3
Javier Abad Blanco Fco. Javier Campos Suárez Carlos Fraga Adrio Esther Pedrosa Carrete Francisco Sanmarco Santos Rebeca Soto Viñas	Marta Sureda González	Diego Ares Tapia Martín Míguez Seara	Ester Navarrete Santana João Alexandre Ribeiro Fontela Adolfo A. Sainz-Maza Vilar

ESTAMENTO DE ATLETAS (ALTO NIVEL) (CIRCUNSCRICIÓN AUTONÓMICA):

GALICIA: 2
Lidia Parada Santos Jairo Salgueiro Montero

ESTAMENTO DE ADESTRADORES (CIRCUNSCRICIÓN AUTONÓMICA):

GALICIA: 4
Juan Luis Trillo Caamaño Marina Abruñedo Guillán Ángel Fidalgo Vázquez Óscar José Seoane Vázquez

ESTAMENTO DE XUÍCES (CIRCUNSCRICIÓN AUTONÓMICA):

GALICIA: 4
Eloy Bretal Cancelas Ángel López-Montesinos Vázquez Mª Concepción Pérez Cerdeira Guillermo Sandino Leira

ESTAMENTO DE CLUBS (CIRCUNSCRICIÓN PROVINCIAL):

A CORUÑA: 19	LUGO: 7	OURENSE: 6	PONTEVEDRA: 10
Ames Atletismo AAD do Barbanza Atlética A Silva Club Atlético Bergondo Club Atletismo Brion-Hyupersa Club Atletismo Fontes do Sar Club Atletismo Millaraio Club Atletismo Narón Club Atletismo Negreira Club Atletismo Noia Club Atletismo Pino Club Atl. Ría Ferrol - CA. Club Atletismo Riazor Coruña Club Atletismo Santiago Club Atletismo Sar Club Compañía de María A C Club Marineda Atlético La Mochila del deporte Notebra F.C	A Gándara C. Atletismo Friol C. Atletismo Lucus Caixa RG CP Maristas Lugo EA Lucense E.D. Lourenzá Lugo Running Club	ADA do Sil (ADAS) AD Limiactiva Club Deportivo Aurum Club Ourense Atletismo Esc. Atl. PA - Ben Cho Shey Ourenrunning	Agrup. Viguesa de Atletismo Atletismo Porriño Club Atletismo A Estrada Club Atletismo Fem. Celta Club Atl. San Miguel de Marín Club Deportivo Pinarium Comesaña Sporting Club Real Club Celta Atletismo Sociedad Atlética Val Miñor Soc. Gimnástica Pontevedra